

CIG-Ensino, FSIE, UGT, CCOO, USO e SNEP anuncian folga para o primeiro día lectivo do curso 26/27 se Educación non abre negociacións na Mesa Tripartita do ensino concertado

Centos de persoas traballadoras do ensino concertado concentráronse diante dos edificios administrativos da Consellería de Educación na Coruña, Vigo e Compostela en prol das súas xustas e lexítimas reivindicacións.



As mobilizacións, fronte á Consellería de Educación e as Xefaturas Territoriais da Coruña e de Vigo, amosan o fastío das máis de 7.000 persoas que traballan no ensino concertado en Galiza fronte á actitude da Xunta respecto das súas condicións laborais, sociais e salariais.

As seis OO.SS. representativas do sector chamaron a actuar con responsabilidade ao conselleiro, Román Rodríguez, para que deixe de converter a Consellaría de Educación nunha auténtica fábrica de conflitos

e cambie o rumbo das súas políticas educativas, abrindo negociacións na Mesa Tripartita do ensino concertado pois, do contrario, anuncian comezar o primeiro día de clase do curso 2026-2027 cunha xornada de folga.

Entre as principais reivindicacións destacan a redución do horario lectivo, a equiparación salarial co profesorado da pública, a recuperación da paga extraordinaria de antigüidade (PEA) e o abono de complementos por cargos (coordinacións, titorías,

dinamización lingüística...), a extensión do dereito á xubilación parcial a todo o profesorado do sector e a garantía de recolocación de todos os postos de traballo que se poidan perder, un complemento autonómico para o persoal de administración e servizos (PAS), entre outras.

A continuación reproducíase o manifesto lido nas concentracións realizadas diante dos tres edificios administrativos:



Todas as organizacións sindicais do ensino concertado estamos hoxe aquí mobilizándonos porque solicitamos que a Consellería de Educación nos reciba e se inicie o desbloqueio e a negociación na Mesa Tripartita de novos Acordos tan necesarios para o persoal traballador do sector, así como a recuperación doutros incumplidos ou bloqueados.

Temos moitas razóns para protestar, reivindicar e estar moi cansas e cansos:

- Porque só se acordan de nós para establecer novas obrigas, novas cargas, recortes e máis burocracia e todo sen pasar pola Mesa de Negociación Tripartita.
- Porque se nos obriga a impartir sete horas lectivas máis en secundaria, e dúas en primaria e infantil. As medidas de redución de carga lectiva para a mellora da calidade educativa non se van aplicar no noso sector, o que implica que haxa profesorado e alumnado de segunda.
- Porque levamos máis de dezoito anos esperando por algúns temas, como o desbloqueio da Lei de Orzamentos para executar o Acordo de 24 de abril de 2008 negociado, asinado e publicado no DOG que recoñecía un complemento de equiparación salarial, equiparación que hoxe en día ten unhas diferencias salariais de máis do 10%, así como a redución da xornada lectiva. Redución da xornada lectiva que a día de hoxe non se está a negociar na ensinanza concertada.
- Porque, utilizando a lei de orzamentos, se está bloqueando tamén o abono da paga extraordinaria de antigüidade (PEA), así como

calquera outro recoñecemento por antigüidade, e o abono dos complementos de certos cargos, dinamización lingüística, coordinacións, titorías...

- Porque o último acordo de xubilación parcial deixa fora aos compañeiros e compañeiras con parte da súa xornada en pago privado, así como que o Acordo de Recolocación non garante manter todos os postos de traballo.
- Porque o persoal de administración e servizos (PAS), fundamental nos nosos centros, ten unhas condicións de miseria, sendo necesario aprobar para eles un complemento autonómico retributivo.
- Porque a Mesa Tripartita do ensino concertado, cando esporadicamente se reúne, non cumpre a súa función de ser organismo de negociación, senón de información do que lle interesa á Consellería.

Son moitos agravios durante moitos anos que levaron ao persoal do sector do ensino concertado en Galicia á situación de desamparo na que nos atopamos. Falamos dun terzo da educación en Galicia, de máis de sete mil profesionais que colaboran co seu traballo diario a manter, dignificar e potenciar a calidade da educación en Galiza da que tanto presume a Consellería de Educación.

Necesitamos que se nos escoite!
Necesitamos que se negocie con nós!
Necesitamos que se melloren as condicións laborais, sociais e salariais dos profesionais do ensino concertado en Galicia!

Acordos na concertada, xa!

«Só se acordan de nós para establecer novas obrigas, novas cargas, recortes e máis burocracia e todo sen pasar pola Mesa de Negociación Tripartita»

**Vídeo do boicot
ao acto do
conselleiro**



Carta aberta
ao persoal
do ensino
concertado:



**POLAS XUSTAS
E LEXÍTIMAS
REIVINDICACIÓNS
DO PERSOAL DO
ENSINO CONCERTADO**



Representantes sindicais da CIG-Ensino, FSIE, UGT, CCOO, USO e SNEP instan o conselleiro, Román Rodríguez, a cambiar o rumbo das súas políticas educativas e abrir negociacións na Mesa Tripartita do Ensino Concertado

O encontro, forzado, tivo lugar nun acto da patronal Escolas Católicas «bendecido» polo responsábel da Consellaría, a quen se lle fixo entrega dun escrito reivindicativo mentres se repartían folletos entre os centos de docentes asistentes

Este luns 29 de xuño, unha delegación dos seis sindicatos representativos do sector do ensino concertado acudiu ao encontro do conselleiro de Educación, Román Rodríguez, e do seu director xeral, J.M. Bértolo, para instalos a cambiar o rumbo das políticas educativas do goberno do PP na Xunta de Galiza e sentarse dunha vez a negociar as reivindicacións do persoal traballador na Mesa Tripartita da Concertada, que debe deixar de ter unha función unicamente informativa e impositiva por parte da Consellaría.

Para acadar este encontro, as organizacións sindicais aproveitaron un acto da patronal Escolas Católicas celebrado en Santiago, «Encontro de educadores/as», ao que estaban convidados tanto o conselleiro coma o director xeral de centros, para «bendicir» a inauguración. Na mesma entrada ao acto, repartíronse folletos reivindicativos informativos entre os centos de traballadores e traballadoras asistentes. A Román Rodríguez fíxoselle entrega dun escrito coas «Principais reivindicacións do persoal traballador», que o pasado día 26 de xuño xa se fixeron públicas en tres concentracións diante da súa Consellaría en Santiago e nas Delegacións Territoriais de Vigo e Coruña coa lectura dun

manifesto, no que tamén se demandaba un calendario de negociacións para este colectivo que atende aproximadamente o 30% do alumnado galego das etapas non universitarias.

Así e todo, tralas claras mensaxes enviadas nas últimas mobilizacións, tanto o conselleiro coma o director xeral parecen non comprender a transcendencia do fastío de traballadores e traballadoras que están a ver como dende hai máis de dezaioito anos as súas condicións laborais, sociais e salariais se van precarizando.

O seguinte paso, se a Consellería segue coa súa inoperancia, será unha folga no primeiro día do curso, o 9 de setembro.



PERSOAL DO ENSINO CONCERTADO EN LOITA!

ACORDOS NA CONCERTADA, XA!

MÁIS DE 7.000
PROFESIONAIS MERECEMOS
**RESPECTO
E XUSTIZA!**

ESTAS SON AS NOSAS REIVINDICACIÓNS



SÓ SE ACORDAN DE NÓS PARA
IMPOR NOVAS OBRIGAS,
MÁIS CARGAS, RECORTES
E MÁIS BUROCRACIA,
SEN PASAR POLA MESA
DE NEGOCIACIÓN TRIPARTITA.



OBRÍGANNOS A IMPARTIR
7 HORAS MÁIS EN SECUNDARIA
E 2 EN PRIMARIA E INFANTIL.
NON Á DISCRIMINACIÓN
IGUAL TRABALLO,
IGUAIS CONDICIÓNIS!



MÁIS DE 17 ANOS AGARDANDO
POR TEMAS CLAVE:
EXECUCIÓN DO ACORDO DO
24 DE ABRIL DE 2008,
COMPLEMENTO DE EQUIPARACIÓN
SALARIAL E REDUCIÓN DA
XORNADA LECTIVA.



BLOQUEO DA PAGA EXTRA
DE ANTIGÜIDADE (PEA)
E DE CALQUERA OUTRO
RECOÑECIMENTO DA
EXTRA POR ANTIGÜIDADE
E DOS COMPLEMENTOS DE
CARGOS, DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA, COORDINACIÓNS,
TUTORÍAS, ...



O ÚLTIMO ACORDO DE
XUBILACIÓN PARCIAL DEIXA
FORA A MOITAS/OS
COMPAÑEIRAS/OS
CON PARTE DA SÚA XORNADA
EN PAGO PRIVADO E O ACORDO
DE RECOLOCACIÓN NON GARANTE
MANTER TODOS OS POSTOS
DE TRABALLO.



O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN
E SERVIZOS (PAS), FUNDAMENTAL
NOS NOSOS CENTROS, TEN
UNHAS CONDICIÓNIS DE MISERIA.
ESIXIMOS UN COMPLEMENTO
AUTÓNOMICO RETRIBUTIVO XA!



A MESA TRIPARTITA DO ENSINO
CONCERTADO NON CUMPRE A SÚA
FUNCIÓN DE NEGOCIAR, SENÓN
DE INFORMAR DO QUE LLE
INTERESA Á CONSELLERÍA.



NECESITAMOS QUE SE NOS ESCOITE!
NECESITAMOS QUE SE NEGOCIE CON NÓS!
NECESITAMOS QUE SE MELLOREN AS
CONDICIÓNIS LABORAIS, SOCIAIS
E SALARIAIS DAS/OS PROFESIONAIS
DO ENSINO CONCERTADO EN GALICIA!

**CANSAS/OS DE
PROMESAS
CANSAS/OS DE
ANOS DE
AGRAVIOS**

**ESIXIMOS
SOLUCIÓNS
XA!**

POR CULPA DO INCUMPRIMENTO
DO ACORDO DO 24 DE ABRIL DE 2008,
CADA DOCENTE DA CONCERTADA
PERDEU EN TORNO A

13.000€

AO LONGO DESTES 17 ANOS!

**NEGOCIACIÓN
XA!**

SEN ACORDOS, NON HAI CALIDADE EDUCATIVA!



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomioño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal